



EXPLOTACIÓN DE ÓSCAR E ROBERTO PONTE. SAN MIGUEL (OS AZORES, PORTUGAL)

O paraíso verde onde vive Gruta



Roberto Ponte

Viaxamos a San Miguel, a denominada Illa Verde portuguesa, para coñecer a gandería dos irmáns Óscar e Roberto Ponte, na que habita a actual vaca gran campiona do concurso micalense, a formidable ORP Atwood Gruta.

Os terreos de Óscar e Roberto Ponte esténdense polas freguesías de Lomba da Maia e Furnas, esta última moi coñecida polo seu gran lago, o seu val con exuberante vexetación e as súas manifestacións volcánicas en forma de caldeiras naturais de augas ferventes e fumarolas.

As praderías atópanse a uns 500 metros de altitude e nelas crece a herba todo o ano. “O verán sempre é húmido, só co resío da noite xa hai pasto verde”, manifesta Roberto. O seu rabaño non coñece o estrés por calor, xa que durante o inverno o mercurio mantense ao redor dos 17 °C e na época estival non adoita superar os 25.

Este clima tan favorable propicia que os animais estean sempre fóra e que poidan pastar os 365 días do ano.

No caso das vacas de leite, a súa alimentación é suplementada con rulo *prehenificado* ou silo de herba a discreción, uns 17 quilos de silo de millo e entre 10 e 15 quilos de penso en función do seu estado de lactación e nivel de produción.

Para fornecelles o silo dispoñen duns comedeiros ambulantes con rodas que van desprazando a medida que trasladan os animais. O penso distribúenllo durante os muxidos, tarefa que fan nunha sala fixa á que acoden as vacas dúas veces ao día: ás seis da

Localización: Lomba da Maia (Ribeira Grande)
Propietarios: Óscar e Roberto Ponte
N.º total de animais: 200
Vacas de produción: 115
Media de produción: 9.500 litros vaca/ano
Porcentaxe de graxa: 3,50 %
Porcentaxe de proteína: 3,15 %
RCS: 200.000 cel./ml
Superficie agrícola: 63 ha
Media de doses de seme por preñez: 1,7
IPP: arredor de 370 días
Media de partos do rabaño: 3,5
Prezo do leite: 0,22 €/kg (prezo base)

mañá e ás cinco da tarde. “Muxir lévanos unha hora e quince minutos, xa que temos 14 puntos de muxido simultáneo e estamos sempre dúas persoas”, apunta Roberto.

O secado practícanllo dous meses antes do parto. Nese momento sepáranas das vacas de lactación e a súa alimentación restrínxese ao que pasan complementado con silo de herba.

► “NÓS NON TEMOS ESTABLO E A CAMA DAS VACAS É NATURAL, ESTÁ NO PASTO”

MANEXO DA RECRÍA

Na primeira fase as xatas alóxanse en boxes individuais onde, ademais de leite, reciben herba seca e penso de iniciación. Así están ata os tres meses, momento no que son destetadas, saen ao campo e empezan a pastar. Cando chega a época de realizarlles a primeira inseminación –“ao redor dos 17 meses”, di Roberto– trasládanas a unha área que teñen máis á man para detectarlles mellor os celos.

INSTALACIÓNS E SUPERFICIE

As estruturas físicas desta gandería redúcense á sala de muxido, a un comedreiro para as vacas en lactación e a un pequeno parque para a recría máis nova. O resto da actividade transcorre nos pastos: “Nós non temos establo e a cama das vacas é natural, está no pasto”, subliña este produtor azoriano.



As vacas pastan os 365 días do ano

Dispoñen de 63 hectáreas de terreo, das cales destinan 20 a pastoreo das vacas de leite, outras 20 ao mantemento da recría e ao cultivo de millo e as 23 restantes á produción de herba. Os tra-

ballos agrícolas contrátanlos con empresas externas especializadas, pois eles só dispoñen dun tractor e unha pa para alimentar ao gando. ►



Agralia y Aresa se unen para ofrecer al agricultor gallego una gama completa de fertilizantes líquidos a medida, que se ajustan a las necesidades concretas de cada suelo y cultivo.

agralia
Grupo **Fertiberia** **Creciendo juntos.**

Carretera San Sebastián - Tarragona N 240, km 118,3. 22540 Altorricón (Huesca)
Telf.: (34) 974 425 925 • fertilizantes@agralia.es
www.agralia.es

aresa

Avda. Madrid nº187. 27002 Lugo
Telf.: (34) 982 22 24 00 • info@aresa-agricola.com
www.aresa-agricola.com

► A SAÚDE ANIMAL, O UBRE E A FERTILIDADE SON OS TRES CRITERIOS QUE MÁIS VALORAN Á HORA DE SELECIONAR OS TOUROS, AÍNDA QUE TAMÉN TEÑEN EN CONTA O TIPO PARA DETERMINADAS FEMIAS

PLAN REPRODUTIVO E XENÉTICO

As vacas paren todo o ano. Explica Roberto que na época dos seus pais “concentrábanse os partos, pero agora xa non. Agora temos as condicións para alimentar as vacas cunha dieta máis nutritiva que antes, suplementándoas no inverno con máis enerxía para que poidan parir sen problemas”. Na actualidade están a recriar todas as xatas que nacen na explotación. Utilizan seme sexado para as mellores femias e convencional para o resto, excepto para aquelas das que non lles interesa a descendencia, en cuxos casos inseminan con touros de carne.

Tamén se serven do implante de embrións para acelerar a selección xenética e conseguir mellores animais en menos tempo. A Associação Agrícola de São Miguel, á que pertencen, ten un servizo especializado de transferencia embrionaria, ao cal lle confían esta práctica. Neste momento teñen tres vacas doadoras. Unha parte destes embrións implántanos nas súas propias femias e a outra parte véndenllela a outros gandeiros da illa.

A saúde animal, o ubre e a fertilidade son os tres criterios que máis valoran á hora de seleccionar os touros, aínda que tamén teñen en conta o tipo para determinadas femias. En canto á capacidade produtiva e ás calidades, afirma que, normalmente, non utilizan “touros negativos en leite”, aínda que puntualiza: “Se un negativo pode mellorar un aspecto determinado nunha vaca, para esa en concreto utilizo ese touro”.

Para os acoplamientos tamén se benefician do servizo que lles presta a asociación. Os gandeiros elixen un grupo de touros que lles interesan e con eles os técnicos fan os apareamentos. No caso concreto desta explotación, o número de touros que seleccionan cada campaña é reducido, normalmente inferior a dez, e entre os que utilizaron recentemente están Kingboy, Doorman, Atwood, Man-O-Man 2 e Eudon.



Vista parcial da sala de muxido



Este comedoiro é unha das poucas instalacións fixas que teñen



As xatas permanecen en boxes ata os tres meses, cando son destetadas

COMERCIALIZACIÓN DO LEITE

Óscar e Roberto levan dúas veces ao día o leite das súas vacas á cooperativa Costa Norte, a cal lla vende á súa vez á multinacional láctea Bel. O transporte fano nuns tanques que cargan nunha especie de camioneta de pequenas dimensións, a *carrinha*, como eles a denominan.

O prezo base ao que estaban cobrando o leite en novembro era de 22 céntimos o quilo, cifra que subía aos 27 ao sumarlle as calidades e outras

primas que teñen no contrato. Roberto lamenta que, a pesar do produto “tan rico e nutritivo” que se produce nos Azores, o prezo non se estea incrementando ao mesmo ritmo que o está a facer no conxunto de Europa.

Ademais de leite líquido, Bel transforma a materia prima en diversas variedades de queixo, leite en po, manteiga etc., que exporta en gran medida ao continente e a outros mercados exteriores, “produtos moi saborosos e moi bos”, exclama. ►►



A produción de herba destínase a silo e a rulos prehenificados



▶ ROBERTO LAMENTA QUE A PESAR DO PRODUTO “TAN RICO E NUTRITIVO” QUE SE PRODUCE NOS AZORES, O PREZO NON SE ESTEA INCREMENTANDO AO MESMO RITMO QUE O ESTÁ FACENDO NO CONXUNTO DE EUROPA

CON GRUTA CHEGOU A RECOMPENSA

Óscar e Roberto teñen a dita de ser os donos de ORP Atwood Gruta, a actual campiona do Concurso Micaelense Holstein Frísia, título que conseguiu por primeira vez en xuño do ano pasado e que revalidou no outono. “En 1998 foi a primeira vez que participamos nun concurso e 19 anos despois temos a vaca gran campiona. Levounos moito tempo, pero conseguímolos e foi espectacular”, lembra encantado Roberto.

Á parte da súa participación habitual nas competicións da raza frisona que se celebran en San Miguel, nalguna ocasión asistiron con animais á Feira Azores, en Terceira, e a outros certames rexionais que se celebran noutras illas do arquipélago. “Os concursos son un momento de convivencia, os produtores levámonos moi ben entre nós e aproveitamos para confraternizar, intercambiar experiencias... Son vivencias moi positivas!”, afirma.

Haberá que esperar ata o mes de xuño para saber se Gruta reafirma a súa condición de gran campiona unha vez máis. Mentres tanto, estes gandeiros azorianos seguirán tendo o privilexio de coidar o seu rabaño nese paraíso natural que marabilla a quen o visita, a Illa verde, San Miguel. ■



Posado familiar coa gran campiona no concurso micaelense de outono